VOLVE A NUMAX

35 | OUTUBRO 2020

NUMAX PRESENTA:

Librería

LIBRO
DO MES

Las voladoras
Mónica Ojeda
PÁGINAS DE ESPUMA
15.00 €

Páradais
Fernanda Melchor
LITERATURA RANDOM HOUSE
16.90 €

Las maravillas
Elena Medel
ANAGRAMA
17.90 €

Una chica es una cosa a medio hacer
Eimear McBride
IMPEDIMENTA
20.75 €

El silencio
Don Delillo
SEIX BARRAL
16.00 €

Odisea
Homero
BLACKIE BOOKS
24.90 €

¿Acaso no soy yo una mujer?
Bell Hooks
CONSONNI
22.50 €

Alice Guy Blaché
Alison McMahan
PLOT EDICIONES
30.00 €

Mujeres en el arte
Rachel Ignotofsky
NÓRDICA
25.00 €

Debut

XOVES 29 DE OUTUBRO ÁS 20:00H

Mónica Ojeda conversará
con María Valcárcel Tabernero
sobre Las voladoras

Foto: Lisbeth Salas

Libraría

Debut (outubro/novembro)
é un ciclo de conversas con autoras
que debutan con primeiros libros
ou primeiras incursións nun xénero literario:
Mónica Ojeda / Andrea Abreu / Elena Medel

NUNCA, CASE NUNCA, ÁS VECES, SEMPRE ESTREA 2 OUT

Eliza Hittman, 101', ING, VOSE, +16
Con Sidney Flanigan, Talia Ryder

Unha apática e calada adolescente traballa como caixeira nun supermercado rural de Pennsylvania. Véndose obrigada a soportar un embarazo accidental e sen alternativas para realizar un aborto no seu estado, ela e a súa prima embárcanse nun autobús rumbo a Nova York.

🏆 **Gran Premio do Xurado Berlinale 2020, Premio Especial do Xurado Sundance 2020**

AKELARRE ESTREA 2 OUT

Pablo Agüero, 90', ESP, VO
Con Álex Brendemühl, Amaia Aberasturi

País Vasco, 1609. Os homes da rexión saíron ao mar. Ana participa nunha festa no bosque con outras mozas da aldea. O xuíz Rostegui, encomendado polo Rei para purificar a rexión, arréstaas e acúsaas de bruxería.

🏆 **Sección Oficial Donostia 2020**

FALLING ESTREA 9 OUT

Viggo Mortensen, 112', ING, VOSE, +7
Con Lance Henriksen, Viggo Mortensen

John Peterson vive co seu marido Eric e a súa filla adoptiva, Monica, en California. Willis, o seu pai, un granxeiro solitario e conservador, accede a viaxar a Los Angeles e quedar na casa de John mentres busca o lugar idóneo para xubilarse.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2020, Premio Donostia SSIFF 2020**

VITALINA VARELA ESTREA 16 OUT

Pedro Costa, 124',
Crioulo Caboverdiano, VOSG
Vitalina Varela, Ventura

Vitalina aterra en Lisboa despois do funeral do seu home. Campesiña toda a súa vida en Cabo Verde, agardou por ese billete de avión máis de 25 anos. Mais no barrio a veciñanza desconfía. Pasa os días e as noites como un pesadelo mentres descobre as cinzas da súa relación.

🏆 **Mellor Filme e Actriz Locarno 2019, Mellor Filme e Fotografía Xixón 2019**

CORPUS CHRISTI ESTREA 16 OUT

Jan Komasa, 116', POL, VOSE, +12
Con Bartosz Bielenia, Eliza Rycembel

Un mozo de 20 anos experimenta unha transformación espiritual mentres vive nun Centro de Detención Xuvenil. Cando é enviado traballar a un taller de carpintería nunha pequena cidade, á súa chegada viste de sacerdote e faise cargo accidentalmente da parroquia local.

🏆 **Nomeado a Mellor Filme Internacional Oscar 2019**

LA VOZ HUMANA

[CURTAMETRAXE] ESTREA 21 OUT

Pedro Almodóvar, 30', ING e ESP, VOSE, +12
Con Tilda Swinton

Unha muller ve pasar as horas cabo das maletas do seu ex amante e un can inquieto que non entende que o seu amo o abandonara. Durante os tres días de espera, a muller só baixou unha vez á rúa para mercar unha machada e unha lata de gasolina.

🏆 **Sección Oficial Venecia 2020**

VERÁN DO 85 ESTREA 23 OUT

François Ozon, 100', FR, VOSE, +12
Con Benjamin Voisin, Félix Lefebvre

Verán de 1985. Na costa de Normandía, Alexis está pasando as súas vacacións nun resort. Malia a que o nornmal sería ter aventuras e gozar dos deportes acuáticos, Alexis fixo un pacto de amizade co seu mellor amigo. Lonxe de gozar, o mozo fantasea coa morte.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2020, Sección Oficial Donostia 2020**

ℹ **PRE ESTREA 3 OUT**
(Con presentación e coloquio da directora)

A ILLA DAS MENTIRAS

ESTREA 23 OUT

Paula Cons, 93', ESP, VO, +12
Con Nerea Barros, Aitor Luna

Madrugada do 2 de xaneiro de 1921, o buque Santa Isabel afunde fronte a illa de Sálvora. Tres mozas da illa rescatan a 48 persoas. Un xornalista arxentino acode a cubrir a nova, pero pouco a pouco comprobará que esa noite sucederon terríbeis casualidades.



LÚA VERMELLA

ESTREA 30 OUT

Lois Patiño, 84', GAL, VO, +7
Con Ana Marra, Carmen Martínez

Nunha aldea da costa galega o tempo parece estar detido. Todas as persoas están paralizadas aínda que as súas voces poden oírse: falan de fantasmas, de meigas, de monstros. Ao lugar chegan tres mulleres buscando ao Rubio, un mariñeiro desaparecido no mar.

🏆 **Sección Fórum Berlinale 2020, Mellor Filme Zonazine Málaga 2020**

Martin Eden
Jack London
IRMÁS CARTONÉ, 20,00 €

MARTIN EDEN ESTREA 30 OUT

Pietro Marcello, 129', IT, VOSE, +7
Luca Marinelli, Carlo Cecchi

Martin Eden é un rapaz de aldea que traballa de mariñeiro. Un día consegue salvar a vida de Arthur Morse, un mozo de clase alta que vive en San Francisco. Como agradecemento, Arthur invítao ao seu fogar e aos poucos vaino introducindo no seu estilo de vida.

🏆 **Mellor Filme Sevilla 2019, Mellor Actor Venecia 2019**

PETÍS NUMAX

A REBELIÓN DOS CONTOS

PASES ÚNICOS 4 E 18 OUT

Jakob Schuh / Jan Lachauer, 58', 2016, VE, +6

Adaptación do best-seller de Roald Dahl, *Revolting Rhymes*, que ofrece unha revisión moderna e politicamente incorrecta de clásicos da literatura infantil, un filme irreverente para nenos e nenas espertas e intelixentes.

🏆 **Nomeado aos Oscar 2018**

CURTAMETRAXES BUSTER KEATON

PASES ÚNICOS 11 E 25 OUT

VECIÑOS + O GRANDE ESPECTÁCULO + O ESPANTALLO

Buster Keaton, 59', 1920-1921, VOSE, +4

Escolla de tres das curtametraxes máis celebradas e divertidas do gran Buster Keaton.

OS OLLOS VERDES
O cinema inédito de NUMAX

Entrada de balde
até completar a capacidade da sala

Squelettes et autres fantaisies
Jean Louis Schefer
P.O.L, 16,00 €

DANZAS MACABRAS, ESQUELETOS E OUTRAS FANTASÍAS PASE ÚNICO 12 OUT

Rita Azevedo Gomes, Jean-Louis Schefer, 110', FR, VOSE
Con Rita Azevedo Gomes, Pierre Léon

A danza macabra é un antigo xénero artístico, representación alegórica da morte como danzante esqueleto que nos lembra que os goces mundanos teñen o seu fin.

Mención Especial FIDMarseille 2019

DE NUEVO OTRA VEZ

PASE ÚNICO 26 OUT

Romina Paula, 84', ESP, VO, TP
Con Romina Paula, Esteban Bigliardi

Romina volve á casa familiar despois de ser nai,incapaz de tomar unha decisión respecto da súa parella. Precisa entender quen é, volvendo ás súas orixes e reconstruíndo algo da historia familiar.

Mellor Filme Latinoamericano Donostia 2019

Co apoio da Concellaría de Acción Cultural

CONCELLO DE SANTIAGO

Coa colaboración de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

COMPOSTELA + SOLIDARIA

Pase único con coloquio.
Entrada de balde até completar a capacidade da sala.

SESIÓN DE CURTAMETRAXES

PASE ÚNICO 5 OUT 20H

UN SITIO EN EL AVIÓN

Khadidiatou Sow, 17', 2016

TRAS LA VALLA

Antonio Grunfeld, 20', 2020

MISBAH

Anna Suriyach, Agus Morales, 23', 2019

CURTOCIRCUÍTO EN NUMAX

XOVES 8
20h: Sesión Especial Longas x Curto: THOSE THAT, AT A DISTANCE, RESEMBLE ANOTHER
22h: Explora 1

VENRES 9
20h: Penínsulas 3
22h: Explora 2

SÁBADO 10
20h: Explora 3
22h: Playlist: WHERE DOES A BODY END?

PASE ESPECIAL

Presentación de Miguel Barbosa e Diego Staub

LAZZARO FELIZ

PASE ÚNICO 17 OUT

Alice Rohrwacher, 130', IT, VOSE, +12
Con Adriano Tardiolo, Agnese Graziani

Un rapaz labrego de excepcional bondade vive nunha aldea afastada do mundo e controlada pola Marquesa Alfonsina de Luna. Alí, a vida dos campesiños explotados non mudou nada.

Mellor Guión Cannes 2018, Premio Especial do Xurado e do Xurado Mozo Sitges 2018

INFORMACIÓN XERAL DE HIXIENE E PROTECCIÓN:

VOLVE A NUMAX

- Lava as mans con xel hidroalcólico ao entrar no local
- Se esbirras ou tuses, cubre a boca e o nariz co cóbado flexionado
- Mantén un mínimo de 1,5 metros de distancia na cola do cinema
- Emprega a máscara hixiénica
- Entre sesións limpamos e desinfectamos as butacas e as superficies de contacto da sala e os aseos
- Entre sesións renovamos o aire da sala

RESERVA DE ENTRADAS E ACCESO Á SALA:

- Recomendamos que merques a entrada anticipada en numax.org para axilizar o acceso á sala
- A cola de acceso ao cinema farase fóra do local mantendo sempre a distancia recomendada
- As portas de NUMAX abren 10 minutos antes de cada sesión
- A billeteira do cinema abre 10 minutos antes de cada sesión. Agradecemos que pagues coa tarxeta contactless ou co móbil
- Valida a túa entrada no punto de lectura de códigos QR
- Ao remate da sesión, procura saír de maneira ordenada e mantendo a distancia de seguridade

VOLVE A NUMAX

HORARIOS

Libraría
De luns a sábado
de 10:30 a 14:00
e de 16:00 a 20:30

Cinema
Consultar carteleira.
A billeteira abre 10 minutos antes do inicio de cada sesión.
Pódense mercar entradas anticipadas na nosa web
www.numax.org

NUMAX
Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Síguenos en @numaxcoop